

25377 - CULTURA E SOCIEDADE GALEGAS

- **ESTUDIOS** : TODAS AS TITULACIÓNS
 - **CICLO** : ---
 - **SEMESTRE** : Primeiro semestre
 - **NÚMERO E TIPO DE CRÉDITOS** : 5 créditos teórico-prácticos
 - **TIPO DE U.V.** : Materia Campus
 - **HORARIO** : Luns e Mércores 13:00- 14 :30
 - **PROFESORAS** : Rexina RODRÍGUEZ VEGA (Grupo 1)
Teresa BERMÚDEZ MONTES (Grupo 2)
 - **TELÉFONO**: 93.581.18.21
 - **E-MAIL**: rrodriguezv@seneca.uab.es
mbermudez@seneca.uab.es
-

OBXECTIVOS

Nesta materia preténdese achegar o alumno á especificidade cultural e lingüística que presenta Galicia dentro do contexto hispánico. Préstase así mesmo especial atención ás relacións e analogías que se establecen entre os procesos de constitución e afirmación dunha identidade nacional no caso galego catalán e vasco.

PROGRAMA

1. A lingua galega na sociedade actual.
 - 1.1. Bilingüismo, diglosia e conflito lingüístico.
 - 1.2. Planificación lingüística. O camiño cara á normalización.
2. Panorámica da cultura galega actual.
 - 2.1. A creación literaria. Principais autores e tendencias.
 - 2.2. O teatro galego. As vías para a afirmación dunha dramaturxia nacional.
 - 2.3. A ollada do cine galego. Visionado das longametraxes e curtametraxes máis sobranceiras.
 - 2.4. A Música popular en Galicia. A renovación do folk. O rock bravú.
3. Principais movementos políticos e culturais da Galicia contemporánea.
 - 3.1. Século XIX.
 - 3.1.1. O nacemento do Galeguismo (1840-46).
 - 3.1.2. O Provincialismo.
 - 3.1.3. O Rexionalismo.
 - 3.1.4. Os grandes mestres do Rexurdimento literario: Rosalía de Castro, Eduardo Pondal e Curros Enríquez.
 - 3.2. Século XX.
 - 3.2.1. As Irmandades da Fala. Dimensión política e cultural.
 - 3.2.2. A Xeración Nós. As figuras de Otero Pedrayo, Alfonso Castelao e Vicente Risco.
 - 3.2.3. O Grupo do Seminario de Estudos Galegos.
 - 3.2.4. O Movemento Novecentista.

- 3.2.5. O Nacionalismo galego na II República. A fundación do Partido Galeguista.
- 3.2.6. Galicia na inmediata posguerra. O galeguismo no exilio. Actividade editorial e cultural.
- 3.2.7. A lenta recuperación da vida cultural galega no interior. A Xeración do 36, o grupo Galaxia, a xeración poética dos 50 e o movemento da Nova narrativa.
- 3.2.8. A transición democrática e a autonomía de Galicia.
- 3.2.9. Estratexias para a consolidación do sistema cultural galego.

AVALIACIÓN

Avaliarase tendo en conta dúas probas: 1) o exame da materia explicada en clase, e 2) a realización dun traballo monográfico sobre un tema do programa, cunha extensión aproximada de 20 páxinas. Cada unha das probas suporá un 50% da nota final.

BIBLIOGRAFÍA

Sociolingüística:

- Monteagudo, H. (ed.) (1995), *Estudios de sociolingüística Galega. Sobre a norma do galego culto*, Galaxia, Vigo.
- Monteagudo, H. (1999), *Historia social da lingua galega*, Galaxia, Vigo.
- Portas, M. (1991), *Lingua e sociedade na Galiza*, Bahía, A Coruña.

Historia de Galicia:

- Beramendi, X. e Núñez Seixas, X. M. (1995), *O Nacionalismo Galego*, Edicións A Nosa Terra, Vigo.
- Maíz Suárez, R. (1997), *A idea de Nación*, Xerais, Vigo.
- V.V. A.A. (1996) *Nova Historia de Galicia*, Editorial Tambre, A Coruña.

Literatura Galega:

- Tarrío Varela, A. (1994), *Literatura Galega. Aportacións a unha historia crítica*, Edicións Xerais, Vigo.
- Vilavedra, D. (1999), *Historia da literatura galega*, Galaxia, Vigo.

Antropoloxía e Etnografía:

- Bouza Brey, F. (1982), *Etnografía y folklore de Galicia*, Edicións Xerais, Vigo.
- Chao Rego, X (1988), *Para comprendermos Galicia*, Galaxia, Vigo.
- Caramés Martínez, X. (1993) *A imaxe de Galicia e os galegos na literatura castelá*, Galaxia, Vigo.
- Gondar Portasany, M. (1993), *Crítica da razón galega. Entre o nós-mesmos e o nós-outros*, edicións A Nosa Terra, Vigo.
- Gondar Portasany, M. (1993), *Romeiros do alén. Antropoloxía da morte en Galicia*, Edicións Xerais, Vigo.
- Rivas, M., (1994), *Galicia Bonsai Atlántico; Descripción del Antiguo Reino del Oeste*, El País Aguilar, Madrid.
- Rivas, M. (1999), *Galicia, Galicia*, Xerais, Vigo.
- Toro (de), S., (1996), *Parado na tormenta. Paus, Ortigas, Seixos.*, Galaxia, Vigo.
- Vaqueiro, V. (1998), *Guía da Galiza máxica*, Galaxia, Vigo.